

NARRATIVA

Francisco Castro gaña con "Spam" o Blanco Amor de Novela Longa

28.05.2006 O escritor vigués deita innovación e humor nunha reflexión sobre a sociedade cibernética

AXENCIAS/REDACCIÓN • SANTIAGO

A novela Spam, presentada baixo o lema Punto com, do vigués Francisco Castro (1966) resultou gañadora do XXIV Premio Blanco Amor. A resolución do xurado deuse a coñecer no transcurso dunha comida en Neda á que asistiu o director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luis Bará.

O xurado, formado polos escritores e críticos literarios Laura Caveiro, Medos Romero, Ramón Nicolás, Armando Requeixo e Vicente Araguas, cualificou a novela como "un libro innovador que rompe moldes e incorpora aspectos orixinais nunha narrativa, á nosa, cambiante e florecente". O libro de Francisco Castro é, para o xurado, unha novela "funcional e insólita, épica e distanciada con altas doses de humor e un ton irreverente e irónico". O seu autor é un escritor consolidado con varias novelas publicadas, entre as que destacan Río Leteo, Un bosque cheo de faias e Xeración perdida. Na actualidade mantén o blog A canción do náufrago (rioletio.bitacoras.com).



O escritor vigués Francisco Castro, gañador do Premio Blanco Amor de Novela Longa
FOTO: Gallego

O premio está dotado con 12.000 euros e coa publicación do libro na editorial Galaxia, colaboradora do evento. A presentación do novo volume, que parodia a sociedade cibernética na que se mesturan as relacións humanas e o capitalismo global, terá lugar en Neda despois do verán.

Ao certame presentáronse 26 obras, das que 6 quedaron finalistas. Onte á tarde deuse a coñecer a resolución nun acto ó que asistiu o director xeral de Creación e Difusión Cultural, o deputado provincial, Celestino Poza, o alcalde de Neda, Carlos Pita (PSOE), a concelleira de Cultura, Begoña Balsa (PSOE) e directivos da editorial Galaxia.

MAIOR DOTACIÓN

Cultura quiere relanzar o premio

O director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luis Bará, anunciou onte a intención da Consellería de Cultura de participar na organización do Premio Blanco Amor para relanzar o certame. O departamento que dirixe Ánxela Bugallo considera que na súa 25 edición, en 2007, o premio debe "ser o máis importante da narrativa galega". Bará propuxo duplicar a dotación económica para o gañador, de 12.000 a 24.000 euros. Bará destacou a "importancia" do traballo dos 76 concellos, que mantiveron "vivo" o certame durante 24 anos .